

ORDENANZA FISCAL Núm. 4

REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS, OBRAS e LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (ICIO)

Artigo 1. Natureza e feito imponible

1. Segundo o que se prevé no **art.100 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo**, polo que se aproba o **texto refundido da Lei reguladora das facendas locais**, constitúe o feito imponible do imposto, a realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa a obtención da correspondente licenza de obra urbanística, se obtivese ou non a dita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a súa expedición corresponda a este municipio.

2. As construcións, instalacións ou obras a que se refire o apartado anterior poderán consistir en:

- a) Obras de construción de edificacións e instalacións, de todas clases, de nova planta.
- b) Obras de demolición.
- c) Obras de edificios, tanto aquelas que modifiquen a súa disposición interior como o seu aspecto exterior.
- d) Aliñacións e rasantes.
- e) Obras de fontanaría e da rede de sumidoiro.
- f) Obras en cemiterios.
- g) Calqueroutras construcións, instalacións ou obras que requiran licenza de obra urbanística.

3. Está exenta do pago do imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais, que estando suxeita ao imposto, fose ser, directamente, destinada a estradas, ferrocarris, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamento de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se tratase de obras de investimento novo como de conservación.

Artigo 2. Suxeito Pasivo.

1. Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o **artigo 33 da Lei xeral tributaria, propietarios dos inmobles sobre os que se realicen as construcións, instalacións ou obras** sempre que sexan donos das obras; nos demais casos, considerarase contribuínte a quen obste a condición de dono da obra.

2. Teñen a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte os que soliciten as correspondentes licenzas ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou realicen as construcións, instalacións ou obras, se non fosen os propios contribuíntes.

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

Artigo 3. Base Imponible, Cota e Devengo.

1. A base imponible deste imposto está constituída polo custo real e efectivo da construción, instalación ou obra, entendéndose por tal, para estes efectos, o custo de execución material daquela.

Non forman parte da base imponible o IVE e demais impostos análogos propios de rexímes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista nin calquer outro concepto que non integre, estrictamente, o custo de execución material.

2. A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

3. O tipo de gravame será o 2%.

4. O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se obtivese a correspondente licenza.

Artigo 4. Xestión Tributaria do Imposto.

1. Cando se conceda a licenza preceptiva ou se presente a declaración responsable ou comunicación previa, practicarase unha autoliquidación, determinándose a base imponible en función do presuposto presentado polos interesados, sempre que este fose visado polo colexio oficial correspondente cando iso constitúa un requisito preceptivo; noutro caso, a base imponible será determinada polos técnicos municipais, segundo o custo estimado do proxecto.

2. No suposto das obras menores establecidas no ámbito de aplicación da **Ordenanza núm. 46**, reguladora do **procedemento de declaración responsable para a realización de obras menores**, o réxime de declaración e ingreso será o de autoliquidación, sendo os propios interesados os que teñen que determinar a base imponible e efectuar o ingreso da cota correspondente.

A base imponible será determinada en función das normas fixadas no **artigo 3** da presente ordenanza. Os interesados poderán requirir da Administración municipal a axuda que precisen para cumprir coas súas obrigas tributarias.

Os pagos realizaranse nas oficinas das entidades colaboradoras sinaladas no impreso de autoliquidación habilitado para estes efectos polo Concello. Este impreso estará dispoñible na páxina web oficial do Concello de Vilalba (www.vilalba.org) no apartado "Concello\Ordenanzas", así como nas propias dependencias municipais.

Os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar, xunto coa declaración responsable e demais documentación requirida, o xustificante de pago do imposto, coa certificación mecánica ou sinatura autorizada da entidade na que se practícase o ingreso.

A cantidade ingresada terá a consideración de ingreso a conta da liquidación definitiva.

3. Unha vez vistas as construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e o custo real efectivo destas, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, poderá modificar, no seu caso, a base imponible á que se refiren os apartados anteriores, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda.

4. Cando se modifique o proxecto da construción, instalación ou obra e se tivese un incremento no orzamento, unha vez que se aceptou a modificación pola Administración municipal ou se presentou declaración responsable, os suxeitos pasivos deberán presentar autoliquidación complementaria pola diferenza entre o orzamento inicial e o modificado, con suxeición aos prazos, requisitos e efectos indicados nos apartados anteriores.

5. Cando se conceda a licenza preceptiva ou cando, non tendo solicitado, concedido ou denegado aínda a mencionada licenza preceptiva, se inicie a construción, instalación ou obra, practicarase unha liquidación provisional a conta, determinándose a base impositiva en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que o mesmo fose visado polo colexio oficial correspondente; noutro caso, a base impositiva será determinada polos técnicos municipais segundo o custo estimado do proxecto.

Artigo 4 bis. Bonificacións na cota.

As construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas e de fomento do emprego gozarán dunha bonificación de ata o 95% da cota, sempre que así o acorde o pleno da entidade por maioría absoluta, e despois da solicitude e xustificación por parte do suxeito pasivo.

Artigo 5. Inspección e Recadación.

A inspección e recadación do imposto realizarase segundo o que se prevé na **Lei xeral tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia**, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 6. Infraccións e Sancións.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias así como á determinación das sancións que por elas correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na **Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven**.

Artigo 7. Licenzas de Primeira Ocupación dos Edificios.

1. Polo outorgamento das licenzas de primeira ocupación de vivendas ou locais satisfacerase o 0,20% do orzamento total da execución da obra.

2. Á solicitude de licenza de primeira ocupación achegarase inescusablemente:

- a) Fotocopia e orixinal, para cotexar, da alta no Imposto de Bens Inmóveis, selado pola Delegación de Facenda.
- b) Planos do estado actual da edificación se houberse modificacións respecto ao proxecto orixinal.
- c) Certificado final da dirección de obra.
- d) Baixa da auga da obra.

Artigo 8. Xestión da Taxa por licenza de primeira Ocupación.

1. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación. Os suxeitos pasivos virán obrigados a presentar esta autoliquidación no impreso habilitado para o efecto polo Concello. No momento de solicitude da concesión da licenza, deberá acreditarse o pago da autoliquidación.

2. Cando se produza unha modificación da base impositiva que supoña un incremento da

cota tributaria, os suxeitos pasivos deberán presentar unha autoliquidación complementaria pola diferenza.

3. Cando as obras se iniciasen ou executasen sen ter a oportuna licenza, ou cando os suxeitos pasivos non tivesen aboado a correspondente autoliquidación pola taxa ou se tivese presentado e aboado aquela, por cantidade inferior á cota que resulte do orzamento achegado, a Administración municipal poderá practicar e notificar unha liquidación provisional.

4. A obriga de contribuír, unha vez que naceu, non se verá afectada en ningún modo pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez que se concedeu a licenza.

5. A tramitación de novas licenzas, por caducidade dunha anterior, devengará unha nova taxa.

Artigo 9. Renuncia, Caducidade e Duración das Licenzas.

1. A obriga de contribuír, unha vez que naceu, non se verá afectada en ningún modo pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación do proxecto presentado, nin pola renuncia ou desestimento do solicitante unha vez que se concedeu a licenza. En materia de Licenzas urbanísticas, estarase ao disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia; e no Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. A taxa pola prórroga concedida polo Concello de Vilalba, causa un devengo que se realizará consonte ao artigo 7, epígrafe 1 da Ordenanza Fiscal nº8 "Taxa por expedición de documentos administrativos".

Artigo 10. Requisitos de Identificación das Obras.

En todas as obras suxeitas ao imposto regulado na presente ordenanza, deberá ser colocado un cartel de medidas adecuadas á obra, en lugar visible, que conteña os seguintes datos: número de licenza de obra, data de concesión, promotor, número de pisos, altura máxima permitida e técnicos directores da obra.

Disposición Adicional.

*No que non estea expresamente previsto na presente ordenanza, rexerán os preceptos que se conteñen na **subsección 5ª da sección 3ª, do capítulo II do título II do citado RD Lexislativo 2/2004**, concordante e complementarios dela, e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.*

Disposición Derradeira.

A presente ordenanza fiscal, que se modificou polo Pleno do Concello na súa sesión celebrada o día 31/07/2017, entrará en vigor ó día seguinte da publicación do seu texto íntegro no BOP de Lugo, e será de aplicación a partir dese mesmo día, ata a súa modificación ou derogación expresas.

